

Acta do Consello Municipal de Deportes:

Nº	Entidades convocadas	Lugar	Data e hora
8	Membros Consello Municipal	Salón de Plenos do Concello de Ames	15/01/2018 (20:00 h)

1.- Persoas asistentes, facéndose constar a representación que ostentan en cada caso:

ASISTENTES:

CLUB DEPORTIVO RUTAS A PIE	
CLUB PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE	SI
CLUB ATLETISMO SAR	SI
ASOC. MOTOCLUB AMEIXENDA	
SOCIEDADE CAZA E PESCA AZOR	
ASOC. CULTURAL – DEPORTIVA ALDEA NOVA	
CLUB VOLEIBOL BRUXAS	SI
ASOC. GALEGA E DESARROLLO DO CICLISTA	
ASOC. DEPORTIVA VAL DA MAÍA	SI
CLUB BALONCESTO AMES	
CLUB BALONCESTO XL MILLADOIRO	
CLUB ATLETICO BERTAMIRANS	
BUGALLIDO C. F.	
CLUB FÚTBOL AGRÓN	
BERTAMIRÁNS F. C.	SI
MILLADOIRO S. D.	SI
CLUB FUTBOL ORTOÑO	
CLUB ATLETISMO MILLARAIO	
CLUB BIDUÍDO S. R.	
CLUB DEPORTIVO KARATE AMES	
CLUB CICLISTA AMES	
VETERANOS AMES	
F. C. MEIGAS	SI
CLUB DEPORTIVO MILLARENGO CULTURA	SI
S.D. COMPOSTELA MONUMENTAL	
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA OMEGA	SI
CLUB PATINAXE SARELA	SI
ASOCIACIÓN DEPORTIVA BASQUET AMES	
CLUB CICLISTA OS ESFOLA ARRÓS	
AMES RADIO CONTROL CLUB	
CC REPEITIÑOS DA CAPILLA	
ASOCIACION DEPORTIVA RODANDO BIKE	
AGRUPACION DEP. CONFIADOS MILLADOIRO	
CLUB BALONCESTO A MAHIA	

CLUB DEPORTIVO DE BAILE DANZAYA	
ESCOLA DE TENIS AMES	
ESCOLA DE FÚTBOL SALA TRASGOS	SI
MASCOGUAU	
CLUB DE TAEKWONDO AMES	
EEI MILLADOIRO	
COLEXIO ALCA	
IES DE AMES	
IES DO MILLADOIRO	
CEIP DE BAROUTA	
CEIP AGRO DO MUIÑO	
CEIP DE VENTÍN	
CEIP DA MAÍA	
ANPA IES DE AMES	
ANPA DA MADALENA	
ANPA SAN MAURO	
ANPA AGRO DO MUIÑO	
ANPA VENTÍN	
ANPA MILLAPEQUES	
ANPA O BOSQUE	
ANPA VAL DA MAÍA	
ANPA DO IES DO MILLADOIRO, ANPAMILLA	
ANPA AGORA IES MILLADOIRO	
SERVIPLUS 2000	
MELLOR DEPORTISTA MASCULINO	
MELLOR DEPORTISTA FEMININA	
AMES NOVO	SI
PP	
PACTOXAMES	SI
CIUDADANOS	
CONTIGO PODESE	
BNG	

2.- Puntos principais das deliberacións con indicación das persoas intervintes.

Tomou a palabra o Alcalde para presentar a reunión e dar aprobación á acta anterior.

Despois desta aprobación da acta, o Alcalde foi introducindo os temas do día:

- Altas e baixas de novos membros do Consello

O alcalde informou que non existen novas altas no Consello de Deportes Municipal.

- Bases da XI Gala do Deporte Municipal 2017: proposta de candidaturas e posibles modificacións no regulamento.

O alcalde introduciu o tema argumentando que o feito de non poder repetirse premiado na maioría dos galardóns, por non poder repetirse isto en 5 anos, dificulta o ter candidatos todos os anos. Comentando tamén que si se vai a premiar aos mellores ano tras ano deben fixarse criterios para buscar un equilibrio.

Entre as deliveracións, Fernando Sainz, presidente do Atletismo Sar, argumenta que ve repetitivo premiar todos os anos aos mesmos. Pola contra Fernando Lizuain, presidente do CV Bruxas argumenta que si é o mellor, deberá ser premiado, aínda que se repita. Tamén se baralla o argumento de que si foi premiado e mellora os resultados do ano anterior sería inxusto que non volva a ser premiado ao ano seguinte.

Como resultado do debate e das votacións decídese que o premiado non se poderá repetir, ao ano seguinte, quedando a base 8 do regulamento da seguinte maneira: "As persoas premiadas non poderán volver ser candidatas ao mesmo premio no ano seguinte a recibir o galardón".

O alcalde tamén informa que a Gala do Deporte vai a celebrarse o vindeiro 16 de febreiro na Casa de Cultura de Bertamiráns, a partir das 20:30 horas e ata o 22 de xaneiro poderán presentarse as distintas propostas ás diferentes categorías de premios. Tamén se informa que a votación na web do premio especial do público estará operativa ata o 17 de xaneiro.

Unha vez decidido isto, fíxose un repaso das distintas candidaturas, mellor deportista masculino, mellor deportista feminina, mellor deportista dun club de Ames, mellor club, promesa.... indicándose en cada unha delas posibles candidatos que poderían ter cabida en cada unha delas.

3.- Temas tratados e resultados das votacións, se fose o caso.

- *Altas e baixas de novos membros do Consello*

- *Bases da XI Gala do Deporte Municipal 2017: proposta de candidaturas e posibles modificacións no regulamento.*